

■ SESIÓN INAUGURAL

Margarita Ledo Andi3n

Presidenta da Comisi3n Organizadora
e de AGACOM



Se3n Reitor da Universidade de Santiago de Compostela,

Sr. Presidente da xunta de Galicia, Se3ora Conselleira de Cultura e Deporte, Sr. Alcalde-rexedor de Compostela, amigas e amigos congresistas,

bienvenidos, benvinguts, ogin etorriak, a nosa benvida.

Congr3ganos hoxe un obxecto de n3s, a comunicaci3n. O real da comunicaci3n a respecto da democracia e a cidadan3a, das pol3ticas culturais, dos

dilemas arredor da construcci3n da sociedade da informaci3n e das relaci3ns entre creatividade e producci3n de contidos. Un real que nos vai levar a ollar para n3s mesmas, as persoas investigadoras, non tanto coma un resultado de determinada xenealox3a e de diferentes modalidades de pensamento, se non coma unha peza, de seu, activa.

No nome da comisi3n organizadora, onde est3 representada 3 Facultade e o Departamento de Ciencias da Comunicaci3n da USC, a AGACOM e tam3n o INCOM da UAB, quero agradecervos a confianza que se nos achegou coa encomenda de preparar este encontro cient3fico. Pola nosa banda, agardamos poder dar resposta 3s vosas angueiras, e por iso quixemos ampliar os momentos de graza coa festa, con intervenci3ns creativas como a que far3 Pista Catro, coa actuaci3n de Mercedes Pe3n, coa da Real Filharmon3a ou no encontro co publicista Miguel Conde e a s3a consigna: *consume cocos galegos*.

Prezados colegas,

a cidade que nos acolle, de clima vari3bel, multipl3case en portas dianteiras e traseiras, soportais, claustros, balaustras, xanelas e muros median3s, en inn3meros sinais nos que est3n as pegadas de todas as culturas que habitan Compostela, ese espazo que, cada tardi3a, imos gorentar ao igual que faremos na excursi3n 3 cidade de Lugo e na paseata 3 s3a muralla, patrimonio da humanidade.

Denantes escoitarmos o representante da AEIC, profesor Bustamante que sustitue ao presidente da xestora, Miquel de Moragas, que tivo que ausentarse por causas familiares



e se reincorporará mañán ao Congreso, permitídemme un par de referencias: unha delas dirixida aos colegas de Brasil e de Portugal, cos que partillamos tantos espazos, e outra para as investigadoras que estades aquí.

Bencaras amigas, fálovos na fala dunha autora escolleita pola UNESCO para representar a Literatura do Planeta, Rosalía de Castro, que no 1859 no proemio a *La hija del mar* advertía: aínda non lle está permitido ás mulleres escribir o que sinten e o que saben, e ela, a primeira en dar ao prelo unha obra en galego, coa súa actitude mudou o curso dunha situación que nos hoxe continuamos. Cando se analiza a Rosalía adoitase falar da 'emoción do outro' na súa escrita e da relación que acada o senso e o son cando ela labra a lingua. Unha 'emoción do outro' que estará, de certo, en cada sesión deste Congreso. Grazas.